



Comeza en Santiago de Compostela a rodaxe do filme Onde Está a Felicidade? unha coprodución entre Galicia e Brasil sobre O Camiño de Santiago

Esta coprodución galego-brasileira é posible grazas ao Fondo de Coprodución Galicia-Brasil, asinado en xuño de 2009 entre o Consorcio Audiovisual de Galicia e a Agencia Nacional do Cinema de Brasil (Ancine). Actualmente este é o único acordo de coprodución audiovisual entre Brasil e España

A produtora galega Filmanova Invest, e as brasileiras Pulsar Cinema e Coração da Selva representan a coprodución, que conta co patrocinio do **Xacobeo 2010**.

O 14 de xuño retomouse en Santiago de Compostela a rodaxe da película que dirixe Carlos Alberto Riccelli (*O Signo da cidade, Stress, Orgasm and Salvation*) con guión e interpretación de Bruna Lombardi.

En ton de comedia romántica, a película ven de rodarse durante seis semanas en Brasil, entre São Paulo, Paulínia e Piauí. O equipo galego-brasileiro tardará catro semanas en rodar nas localizacións de Santiago de Compostela, A Coruña, O Cebreiro, Roncesvalles, e distintas etapas do Camiño.

Elenco

Marta Larralde, María Pujalte, Luis Zahera, Monti Castiñeiras, Isabel Risco, Pedro Alonso, Berta Ojea, Fina Calleja, Antela Cid e Piti Sanz, conforman o elenco galego. Entre os actores e actrices brasileiros destacan: Bruna Lombardi, Bruno Garcia, Marcello Airoldi e Kim Riccelli.

O filme contará coa música de Nani García.

Breve sinopse

Unha chef especialista en recetas afrodisíacas, cre ter todo na vida: un marido que a quere, un bo traballo como presentadora dun programa de TV e unha vida acomodada. Ata que un día o perde todo. En crise vital, decide emprender a peregrinación polo Camiño de Santiago...

Dez anos vinte películas

Para Filmanova Invest esta é a súa película número vinte, a estrear en salas de cine. Iste dato coincide co décimo aniversario da produtora galega que comezou a súa andaina no ano 2000.

Estreas

Estímase unha presentación da película en Santiago de Compostela antes de que remate este Ano Xacobeo. Estrearase en salas, no primeiro semestre do 2011 tanto en Brasil como en España.

